



ACTA N° 4/08

ASISTENTES:

POLA DIRECCIÓN:

O XERENTE

D. Jose Luis Díaz Fernández

O DIRECTOR DE ENFERMARÍA

D. Tomás Lerma Merino

A DIRECTORA DE XESTIÓN E  
SS.XX.

Dona Francisca Álvarez Giráldez

A DIRECTORA DE RR.HH. e RR.LL.

Dona Belén Baltar Trabazo

POLA COMISIÓN DE CENTRO:

D. Manuel Nieto Pereira  
(CEMSATSE)

D. Jose Luis Martínez Fernández  
(CSI-CSIF)

Don Marco Antonio Llorente Suárez  
(U.G.T.)

D. Miguel Angel Estévez Fernández  
(U.G.T.)

D. Javier González Castro (CC.OO.)

D. José Antonio Perianes Rodríguez  
(CC.OO.)

Dona Rosario Pérez Collazo (U.S.A.E.)

Dona Isabel Fernández Aballe  
(U.S.A.E.)

Don Antonio Iglesias Duarte (C.I.G.)

Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Vilaseco  
(C.I.G.)

Dona M<sup>a</sup> Isabel Sotelo Bolaño (C.I.G.)

D. Benjamín Dieguez Ferreiro  
(CEMSATSE)

D. Juan Rodríguez León  
(O' MEGA)

Reunidas as persoas que se citan á marxe comeza a reunión ás nove horas do trinta de abril de dous mil oito na Sala de Xuntas do Hospital Nicolás Peña. co primeiro punto da orde do día, **COCIÑA, DECIMA PRESENZA NO REPARTO.**

A Comisión de Centro quere coñecer o criterio da Dirección de Xestión. A Directora de Xestión di que normalmente se traballa con 10 presenzas e se está falando de fins de semana de tarde, sí se está vendo que por cargas de traballo fai falta, analízase onde se pode racionalizar para poder reforzar aí xa que non é posible o incremento neto. O prazo máximo para logralo fíxase nuns meses.

Pásase a tratar o punto quinto da orde do día, **ACLARACIÓNS INCORPORACIÓNS CMI de CC.EE.** do H. Meixoeiro. A Dirección de Enfermaría di que saíron 2 postos de traballo. Adxudicouse a reserva do posto dun liberado sindical a broncoscopias, contando coa vontade do traballador. Isto viña provocado pola existencia de adecuacións por motivos de saúde nas Consultas e para evitar conflitos nos vindeiros meses, se ben, antes do verán, adscribirase un traballador con adecuación por motivos de saúde a broncoscopias e a persoa a que lle corresponde



a reserva da praza consolidada por CMI a CC.EE. A Comisión de Centro di que terá que ser só ata o próximo CMI.

A Directora de Recursos Humanos aclarou que co escenario normativo actual sí mais estase pendente de publicarse a norma onde prevalece a adecuación por motivos de saúde fronte a calquera outro procedemento de asignación.

A Comisión de Centro entende que dada a duración do actual CMI, non pode aplicarse a penalización dos dous anos establecida no baremo.

A Dirección de Enfermería di que cabe negociar todo o baremo, xa que antes de rematar o ano debería volver a convocarse.

A Comisión de Centro di que eles o teñen traballado e acórdase manden xa a súa proposta.

**Pásase o tema da REESTRUTURACIÓN UNIDADE SAÚDE MENTAL (apertura VAL MIÑOR), HADO e RADIOLOXÍA INTERVENCIONISTA.**

A Comisión de Centro quere denunciar que non se lle manda previamente a información, lembran que cando afecta a persoal novo deben tela, ata cando hai cambio de local pode levar consigo unha modificación das condicións de traballo.

A Dirección de Enfermería, aclara que na convocatoria para a cobertura provisional do persoal coa categoría de DUE é como a anteriormente convocada, só que xa prevé que non hai especialistas e establece un baremo baseado no D. 206/2005

A Comisión de Centro segue insistindo que se enteraron pola propia xente e iso non ten ningún sentido. Xa non só se trata da enfermeira pregúntase polo resto do persoal.

Explícase que 2 psiquiatras , 1 psicólogo, 1 DUE, 1 Auxiliar Administrativo.

Cóntase que polas características do posto de traballo do auxiliar administrativo (entre varios Centros de Saúde) considerouse que quizás debía ser cuberto por A. Primaria, nembargantes foi plantexado un expediente de reconversión a SS.CC. moi complexo, con moitas dificultades administrativas para poder pasar praza a Atención Primaria. É un tema aínda sen resolver.

Debátase en relación coa adscrición do persoal facultativo, a C. Centro dí que por lóxica podería ser por rotación o incluso o último en incorporarse de non haber voluntarios, se ben Xerencia deixa claro que non está de acordo con realizar procesos que recollan criterios para adscribir ao persoal facultativo. Afírmase por parte da Xerencia que todo o que prime a non mobilidade no persoal facultativo vai en contra da súa propia experiencia/formación como persoal facultativo.

A Comisión de Centro, entende que se non hai criterio parece "dixital" e caprichoso para ben o tamén para mal, en contra do persoal.

A Xerencia di que se enviará quen formará esa Unidade.

**HADO.-** A Xerencia informa do resultado das reunións celebradas cos distintos colectivos.





Co persoal DUE o problema a resolver é a condución de vehículo fóra de Vigo, na zoa asumida do Área que non se asistía. Está a Dirección de Enfermaría negociando unha posible compensación por esa función. Logo sería extensivo o persoal facultativo da Unidade se tamén o realizan.

A Xerencia aclara que son eles os que escribirán o seu Plan Funcional, recollendo como van a organizar o seu traballo, e cando o presenten se trasladará á Comisión de Centro.

Aclárase que en persoal facultativo non se pretendía diminuír a súa retribución pois cobraban gardas por tardes, mais sí se pretende racionalizar e se cobre por facer sábados e realizar asistencias.

A Dirección de Enfermaría di que a negociación é posible compensación económica por conducir vehículo do Centro.

O Xerente aclara que aos médicos se lle plantexou a posibilidade que senón lles interesaba podían ser adscritos a outros postos.

A Comisión de Centro solicita que cando se aporte o Plan Funcional polo persoal se lles traslade, e que sexan as mesmas condicións de traballo para as dúas Unidades actuais.

A Dirección está de acordo.

**RADIOLOXÍA INTERVENCIONISTA.**- A Xerencia manifesta a súa sorpresa. Explica que un FEA no H. Meixoeiro fai un pouco de Radioloxía Intervencionista mais aínda sendo importante se está perdendo técnica. Plantexa situarse co resto do Servizo no H. Xeral pero xa se crea un problema co de gañar un centro a outro. Sí nun primeiro momento se plantexou baixar aos pacientes ao H. Xeral mais iso non cabía de ningún modo polo que estableceuse que subiría o facultativo.

Acordaron que as urxencias serán no Hospital Meixoeiro e subirá o médico. É importante ter en conta que antes no Hospital Meixoeiro cando marchaba de vacacións o único FEA que a facía ninguén asumía esa actividade, agora o asumirá o resto da Unidade. É unha cuestión de que a Cirurxía Vascular e a Neurocirurxía están no Hospital Xeral e para o profesional non é bo estar el só e só realizando determinada actividade.

A Comisión de Centro di que por volume diario sería un problema o desprazarse ao Hospital Xeral e sería continuo o traslado de pacientes.

A Xerencia volve a insistir que non cabe o traslado de pacientes, plantéxase que subirá o facultativo.

Estudase roto o se potencie mais deixar o H. Meixoeiro sen ninguén sería inviable, dado o volume actividade existente.

A Comisión de Centro cre que cando a Unidade se organice coa saída aínda aceptada pola Dirección, se lles traslade.



Trátase o segundo tema da orde do día, **RELACIÓN E NEGOCIACIÓNS COA XERENCIA E COMISIÓN DE CENTRO (REESTRUTURACIÓN, INFORMACIÓN PREVIAS Á COMISIÓN DE CENTRO DE PLANS DE REESTRUTURACIÓN).**

A C. Centro o da por tratado no que va de reunión pois é a súa queixa e malestar por non ter información dos movementos e reestruturacións que se levan a cabo.

Pásase o seguinte tema, **ARQUIVO: ACLARACIÓN PLIEGO DE CONDICIÓN DO CONCURSO DOS CAMIÓN, DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES, ACTITUDE DE DONA MARTA CARBAJO VICENTE.**

A Comisión de Centro di que o documento que recolle o futuro está mal, faltan puntos e follas, non ten sentido.

A Directora de Xestión di que o pasará ben, debeu ser un problema das copias.

O Xerente conta aos non Delegados de Prevención tódolos trámites realizados ata o momento no tema Arquivo. Aclárase a paradoxa producida respecto do contrato e que non se trataba de ningún ocultamento á Inspección.

A Directora de Xestión aclara que no primeiro momento volcouse todo na seguridade mais cando logo se ve posible responsabilidade, se inician os trámites e tamén é cando xurde o tema na Inspección. O primeiro foi restituír o sucedido e garantir a seguridade.

A Comisión de Centro pregunta si o propietario da nave interveu nalgún momento.

A Directora de Xestión aclara que si, sobre todo nun primeiro momento, coas instalacións e incluso estanterías, pero co devir do tempo vaise facendo de outro modo e asumindo o Centro xa que se trata do mantemento por uso.

A Comisión de Centro di que non entende que vaíamos asumindo o traballo doutra empresa con medios propios.

Volvese a explicar o xa realizado e informado en varias reunións inclusive ante a Inspección de Traballo, polo que xa non se considera necesario recoller na acta ó estar suficientemente reproducido documentalmente.

Respecto aos camións, a Directora de Xestión informa que non é viable asumir o reparto de roupa con dous vehículos, inviable por organización, funcións e horarios. Así que un se destina a arquivo e actualmente releva a outro estragado para logo quedar a mais, o segundo será para substituír un dos coches de mantemento está estragado.

A Dirección de Xestión trasladou a documentación referente os camións actuais de Arquivo mais remitiráselles a referente a estes outros dous vehículos.





A C. Centro manifesta que non se pode consentir e deixar sen facer nada respecto a actitude que tivo no mes de marzo Dna Marta Carbajo Vicente, no incidente ocorrido no Arquivo, con ameazas e coaccións ós traballadores que estaban nese momento.

A Dirección entende que foron momentos de moita tensión e que puideron dar lugar a situacións de mala interpretación.

Pásase o último tema, **PERMISO E LICENCIAS EBEP, APLICACIÓN LOCALIDADE NON ÁREA (CAPÍTULO V, ARTIGO 48, APARADO 1 PUNTO A, E B).**

Aclárase que non hai ningunha variación neste permiso xa que con anterioridade o EBEP xa se interpretaba como ámbito territorial a area de saúde e non a localidade. Lémbrese que xa foi tratado en reunións anteriores e que se trata de un criterio de aplicación asumido pola Dirección para o CHUVI seguindo as recomendacións feitas pola División de Recursos Humanos e que consta se está aplicando tamén no resto dos Centros do Servizo Galego de Saúde


Sen máis temas que tratar dáse por rematada a reunión as doce e dez horas do presente día.

Pola Dirección:



D. Jose Luis Díaz Fernández  
O Xerente

Pola Comisión de Centro:



D. Antonio Iglesias Duarte  
O Presidente da Comisión de Centro